



Guía Docente

Datos Identificativos				
				2021/22
Asignatura (*)	Lingua e Cultura Clásica	Código	613G03006	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuadrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Gonzalez Muñoz, Luis Fernando	Correo electrónico	fernando.gonzalez.munoz@udc.es	
Profesorado		Correo electrónico		
Web				
Descrición xeral	Estudo da lingua latina, da literatura romana e doutros aspectos da cultura da Antigüidade, con especial atención á súa influencia sobre a civilización occidental			
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Non se realizarán cambios</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>Lecturas</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican:</p> <p>Sesión maxistral: a exposición dos contidos impartirase por videoconferencia (Teams) de acordo co horario oficial. Os resumos dos temas estarán a disposición dos estudantes no Campus virtual.</p> <p>Análise de fontes documentais: os exercicios de comentario de textos terán lugar por videoconferencia (Teams) no horario oficial. No Campus Virtual se poñerán a disposición dos estudantes modelos de comentario de textos.</p> <p>Proba obxectiva: se non é posíbel facer as probas obxectivas en modalidade presencial, se farán telemáticamente a través do Campus Virtual, de forma síncrona.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <ul style="list-style-type: none"> -Correo electrónico: diario: consulta de dúbidas, avisos para a organización interna - Moddle: diario: repositorio de guions e materiais bibliográficos - Teams: plataforma para a docencia e o debate telemáticos: procurarase manter o horario oficial. <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>Non hai variación no tipo de actividades / probas nin nas porcentaxes.</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>As probas obxectivas faranse de forma síncrona a través do Campus Virtual.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía: Non hai modificacións</p>			

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer as técnicas de análise lingüística e literaria aplicables ao campo da Filoloxía Latina, así como a terminoloxía propia desta disciplina	A1		
Aplicar as técnicas de análise lingüística e literaria a textos literarios latinos	A2	B1	



Coñecer aspectos relevantes da cultura latina e da súa pervivencia na civilización occidental	A13	B5	
Sintetizar e valorar críticamente información especializada relativa ao campo dos estudos latinos	A2	B7	
Utilizar recursos bibliográficos, bases de datos e ferramentas de procura de información, adquirindo capacidade de autoformación no campo dos estudos latinos		B1 B2	
Relacionar os contidos específicos desta materia cos de outras áreas e disciplinas, principalmente a historia da literatura inglesa		B5	
Organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva		B3 B6	
Apreciar a diversidade		B8	

Contidos	
Temas	Subtemas
1. O sistema verbal do latín	1.1 Descrición do sistema verbal do latín antigo 1.2 Continuidade e reorganización do sistema verbal latino nas linguas romances
2. O sistema nominal do latín: sustantivos e adxectivos	2.1 Paradigmas nominais dos sustantivos 2.2 Paradigmas nominais dos adxectivos 2.3 A perda do sistema casual latino nas linguas romances
3. Os pronomes e os determinantes en latín	3.1. Pronomes persoais e posesivos, pronome reflexivo 3.2 Pronomes demostrativos 3.2 Pronomes fóricos 3.4 Pronomes indefinidos
4. Cuestións de sintaxe 1: a oración simple	4.1 Funcións e usos dos casos 4.2 Estrutura dos sintagmas preposicionais
5. Cuestións de sintaxe 2: a oración composta	5.1. Coordinación 5.2 Principais estruturas subordinativas
6. O contexto social e cultural da literatura romana antiga	6.1. Relacións entre a literatura romana e a grega 6.2 Funcións e usos da literatura 6.3. Os autores 6.4. O público
7. Xéneros literarios 1: os xéneros da poesía	7.1 poesía narrativa 7.2 elexía 7.3 lírica 7.4 epigrama 7.5 bucólica 7.6. sátira
8. Xéneros literarios 2: os xéneros teatrais	8.1 Orixes do teatro en Roma 8.2. A comedia: palliata e togata 8.3. A traxedia; cothurnata e praetexta 8.4. A fabula atellana e o mimo
9. Periodización da literatura romana	9.1. Etapa antiga 9.2 Etapa tardorrepública e augústea 9.3. Etapa imperial 9.4. Antigüidade tardía
10. Transmisión e recepción dos textos	10.1. Transmisión manuscrita: volumes, códices, epigrafía 10.2. Transmisión impresa 10.3. Marcos da recepción literaria: lecturas públicas, espectáculos, escola, bibliotecas etc 10.4. Procesos de transferencia da literatura a outras artes



Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	A1 A2 B2 B5	22	44	66
Lecturas	B3 B6 B8	0	20	20
Proba obxectiva	A13 B1 B7	2	16	18
Sesión maxistral	A13 B5 B7	22	22	44
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	Exercicios de análise e de comentario lingüístico e literario a propósito dos diversos temas e subtemas do programa. Poderán ser de carácter oral, no curso das sesións de grupo intermedio e reducido, ou escrito, en forma de actividades avaliábeis de carácter individual.
Lecturas	Lectura por conta do estudante dun dossier de textos de carácter literario e/ou académico que lle será proporcionado polo profesor. Estes textos serán o material sobre o que se programarán actividades prácticas avaliábeis que consistirán en recensións e/ou controis de lectura de carácter individual, presentados por escrito
Proba obxectiva	Exercicios individuais e escritos de carácter teórico-práctico sobre as cuestións desenvolvidas durante o curso.
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor de contidos relativos a cada un dos temas e subtemas co apoio de documentación adicional en formato impreso ou dixital.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	<p>Todos os estudantes poderán asistir, por iniciativa propia, a titorías individuais coa finalidade de resolver dúbidas e planificar estratexias de resolución de problemas.</p> <p>O profesor tamén poderá convocar a calquera estudante a titorías individuais en caso de consideralo oportuno.</p> <p>Os estudantes con dispensa académica ou matrícula a tempo parial terán as mesmas condicións de avaliación que os restantes. Únicamente se recomenda para eles unha maior frecuencia de sesións de titoría individual a través de Teams</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Análise de fontes documentais	A1 A2 B2 B5	<p>Un 40% da cualificación final resultará de dúas actividades de análise e comentario de textos propostas as estudantes, que serán presentadas por escrito conforme aos prazos e condicións acordados entre o profesor e os estudantes. Estas dúas actividades serán as seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> - exercicio de comentario morfosintáctico e tradución: 20% - exercicio de comentario literario: 20% 	40
Lecturas	B3 B6 B8	O estudante dará conta das lecturas obrigatorias que fosen propostas polo profesor mediante un control de lectura	10



Proba obxectiva	A13 B1 B7	Efectuaranse dúas probas escritas individuais de carácter teórico-práctico, unha ao final do primeiro bimestre (sobre cuestións de lingua) e outra na data de maio estipulada no calendario oficial de exames da Facultade de Filoloxía (sobre cuestións de literatura). Cada unha suporá o 25% da cualificación global. Na oportunidade de xullo haberá unha única proba sobre cuestións de lingua, de literatura e control de lecturas, que suporá o 60% da cualificación global. Porén, os estudantes que superasen na oportunidade de maio algunha das probas terán que examinarse so daquela que teñan suspensa.	50
-----------------	-----------	---	----

Observacións avaliación

As actividades presentadas por escrito, incluídas as probas finais, deben cumprir cos oportunos estándares de corrección lingüística, estar redactadas de maneira clara e carecer de faltas de ortografía. O non cumprimento destas condicións será tido en conta negativamente na puntuación da proba respectiva.

A cualificación mínima para aprobar a materia, resultado da suma das puntuacións acadadas polas distintas actividades de avaliación programadas, será de 5.

Os estudantes que non aprobasen a materia na oportunidade de xunio poderán repetir en xullo aquelas actividades ou probas pendentes/suspensas, coas mesmas condicións e porcentaxes.

De non realizar as probas obxectivas previstas o estudante será cualificado como Non Presentado.

A avaliación da convocatoria extraordinaria de decembro consistirá nunha única proba obxectiva de carácter teórico-práctico sobre contidos de lingua e de literatura.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - George Hacquard (2008). Guía de la Roma antigua. Madrid. Palas Atenea - Lisardo Rubio (1995). Nueva sintaxis latina simplificada. Madrid. Ediciones clásicas - Tomás González Rolán e Lisardo Rubio (1985). Nueva gramática latina. Madrid. Coloquio - José Molina Yébenes (1993). Iniciación a la fonética, fonología y morfología latinas. Barcelona. Univ. de Barcelona - Paul M. Lloyd (1987). Del latín al español. Fonología y morfología históricas de la lengua española. Madrid. Gredos - Carmen Codoñer (ed.) (1997). Historia de la literatura latina. Madrid. Cátedra - Leighton D. Reynolds - Nigel G. Wilson (1986). Copistas y filólogos. Las vías de transmisión de las literaturas griega y latina. Madrid. Gredos - Wilfried Stroh (2013). El latín ha muerto, ¡viva el latín! Breve historia de una gran lengua. Barcelona - Irene Vallejo (2020). El Infinito en un junco : la invención de los libros en el mundo antiguo. Madrid, Siruela <p>The Classics Page http://www.thelatinlibrary.com/classics.html Bibliotheca Augustana https://www.hs-augsburg.de/~harsch/augustana.html Recursos para lThe Classics Page literatura clásica (USAL) http://clasicas.usal.es/portal_recursos/index.php?option=com_content&view=category&id=12&Itemid=16 Interclassica (Univ. de Murcia) http://interclassica.um.es/ Analecta Malacitana (Univ. Málaga) http://www.anmal.uma.es/anmal/recursos0.htm Ludus litterarius http://www.luduslitterarius.net/Resumos de gramática latina http://www.aplicaciones.info/latin/lagrama.htm Ejercicios de gramática latina http://www.aplicaciones.info/latin/latin.htm</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente



Materias que continúan o temario
Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías